



## **RECOMENDACIÓN DE MEDIDAS A ADOPTAR NOS PUNTOS DE PRIMEIRA VENDA DE PRODUTOS DO MAR**

Ante a evolución que ten a presentar o COVID-19, e como complemento e aclaración ás medidas que se están adoptando pola Xunta de Galicia, dende a Consellería do Mar sinalamos as seguintes:

Recomendacións para o desenvolvemento da actividade das lonxas e centros de primeira venda de produtos da pesca e do marisqueo na nosa comunidade autónoma.

Trátase de manter a actividade con todas as garantías nuns establecementos fundamentais para asegurar o abastecemento de materias primas alimentarias de calidade para a poboación e para o funcionamento da parte extractiva da actividade marítimo-pesqueira:

**Primeira.-** Con carácter xeral reduciranse as actividades presenciais, utilizando, na medida do posible os medios telemáticos e telefónicos.

**Segunda.-** Restrición estrita de acceso aos locais exclusivamente aos compradores autorizadas en cada lonxa e aos vendedores ou os seus representantes autorizados.

**Terceira.-** Queda prohibido o acceso á lonxa de toda persoa non relacionada cos operativa e o comercio de produtos frescos do mar, quedando tamén canceladas as visitas turísticas ou similares á lonxa.

**Cuarta.-** Deberá reducirse ao mínimo imprescindible a presenza de persoas para a realización das subastas.

De ser necesario, incrementarase o número de subastas coa organización e programación de subhasta ou pesaxe de forma escalonada (onde sexa posible e necesario) para evitar a concentración excesiva de persoas en cada momento.

Organizarase a exposición do produto de maneira que entre fila e fila existan zonas





de distanciamento e paso da suficiente anchura para manter as distancias recomendadas, especialmente no momento da subhasta.

Aplicarase, de modo obrigatorio, as disposicións que para eventos en locais pechados sinala a *RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.*

No lugar destinado á subhasta nos momentos de poxa deberase manter unha limitación de 50 persoas, se ben se deberán aplicar as medidas de aforo e distanciamento entre grupos de persoas conforme as recomendacións sanitarias.

**Quinta.-** Incrementarase o nivel de limpeza e desinfección tanto das salas de subhasta como do resto das dependencias, incluída a desinfección diaria total da zona de venda e almacenamento ou entre subhasta e subhasta (matinal, vespertina e nocturna).

**Sexta.-** Na medida do posible, incrementarase a dispoñibilidade de lavamáns ou dispensadores de limpadores desinfectantes nas zonas de subhasta e pesaxe.

**Sétima.-** Lémbrese a necesidade do cumprimento estrito das medidas xerais de hixiene e uso de Equipos Personais de Protección.

**Oitava.-** A atención ao público nas oficinas administrativas da lonxa pasará a ser, na medida do posible, telemática e/ou telefónica.

Aplicarase, de modo indicativo, o disposto na *RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se aproba o Protocolo de actuación para o persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia en relación co coronavirus COVID-19.*





Recórdase que, de maneira engadida, son de aplicación as normas establecidas pola Resolución de 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, así como na Resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.